

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2022

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogos orais presentados polo PP

1º Don Juan María Abalo Castex solicita que lle sexa contestado o rogo oral formulado na sesión da Comisión Informativa celebrada con data de 23 de decembro de 2021 respecto da celebración telemática das sesións dos órganos colexiados, ante o avance da COVID 19.

2º Don Juan María Abalo Castex solicita que se dea cumprimento e contestación respecto do acceso aos expedientes relativos á parcela sita no lugar de Aián nos que compareceron e se lles remita o expediente.

3º Don Juan María Abalo Castex solicita se lle dea contestación á petición xa presentada por escrito respecto da transcripción literal certificada en castelán das intervencións que constan na vídeoacta do pleno ordinario do mes de outubro de 2021, durante os minutos que se sinalan, así como o texto definitivo e corrixido da acta da Comisión Informativa ordinaria do mesmo mes.

Rogo de AV presentado por escrito

Único. Saíu en prensa que a campaña de Nadal resultou “auténtico éxito en cifras de participación”. Rogamos coñecer a comparativa con outros anos, para considerar este ano como un éxito tan rotundo.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que a día de hoxe non pode responder pois hai que esperar a que acabe a campaña.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/189 o día 17 de xaneiro de 2022, xunto cos rogos e co resto de preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª a 4ª Á vista de que neste recentemente estreado ano 2022, seguen existindo servizos básicos municipais que se continúan prestando durante anos en precario, sito é, á espera dunha nova

adxudicación despois de ter finalizado o prazo e as súas posibles prórrogas contractuais; desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao goberno municipal:

- Cantos e que servizos básicos están sendo prestados, a 1 de xaneiro de 2022, en precario no noso concello?
- Cal é o importe que o noso concello está aboando por cada un deles?
- Que outros contratos ou servizos non incluídos nos anteriores tamén se atopan en precario?
- Que importe supón para as arcas municipais estes outros contratos ou servizos en precario?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, di que lle pasará estes datos por escrito.

5ª e 6ª Con gran despreague mediático, como xa nos ten acostumado o Goberno municipal, celebrouse a cabalgata de Reis o pasado 5 de xaneiro, onde se puido observar a utilización por varios concelleiros de goberno de distintos vehículos antigos que non forman parte do parque móbil municipal e do que se descoñece a súa contratación para a celebración dun acto público como foi a cabalgata de Reis. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao Goberno local que informe sobre:

- O contrato ou contratos celebrados polo noso concello co propietario ou propietarios dos ditos vehículos, comprensivo do tipo de contrato, partes deste, orzamento de licitación e de adxudicación, así como aqueles outros aspectos salientables.
- Custo total da utilización dos ditos vehículos na cabalgata de Reis organizada polo noso concello.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, di que, debido á situación da COVID 19, decidiuse facer así, que se contactou co “Escarabello Club Galicia” e non se celebrou contrato, que foi unha decisión de última hora e que o custo foron 400 euros máis IVE.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, solicita aclaración do explicado.

Dona María Dolores Pan Lesta di que había un expediente de contratación da cabalgata pero que días antes do 5 de xaneiro, con motivo da evolución da COVID 19 e ante a recomendación da Xunta de Galicia de celebrar cabalgatas estáticas, o servizo de cabalgata non podía desenvolverse conforme estaba previsto, polo que, a última hora, contactouse co “Escarabello Club Galicia”, aceptaron a proposta e decidiuse facer así.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP presentados por escrito

1º Unha vez máis, pese ao compromiso adquirido dende hai un ano pola concelleira competente e reiterado en sucesivos plenos e comisións informativas, de resolver o problema sucesivamente advertido

por este Grupo Municipal Popular de acumulación de materiais de obra, electrodomésticos, mobles, cartonaxe, vidros e materiais varios nos contedores de lixo existentes no cambio de sentido situado á altura do quilómetro 14 da estrada nacional 550 ao seu paso polo lugar de Altamira, o certo e verdade é que este segue amosando o lamentable estado que amosan as fotografías que se achegan, en pleno mes de xaneiro.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se reitere unha vez máis que polo Goberno local de Cambre se adopten as medidas necesarias para que se resolva á maior brevidade posible o problema advertido e con iso se cumpran os compromisos adquiridos por el.

Contestará por escrito dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade.

2º Unha vez máis volvemos traer outro punto de vertidos incontrolados, no que tamén o Goberno de Cambre se comprometeu hai meses a intervir a requirimento do Grupo Municipal Popular, como é o que se atopa nas inmediación do cruzamento existente nas inmediacións da igrexa de Anceis.

Tal e como se observa na fotografía que se achega, xunto aos contedores de lixo acumúlanse grandes bolsas de restos de materiais de construción, que en ningún caso poden estar depositados no dito lugar. Así mesmo, obsérvase que o sinal indicativo da prohibición de depósito de materiais ou restos prohibidos, atópase oculta entre a maleza.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente, se adopten as medidas necesarias para resolver os defectos advertidos á maior brevidade posible.

Contestará por escrito dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade.

3º Neste comezo do ano 2022 e ante a previsión da elaboración das bases da nova convocatoria pública de bolsas de estudo para o próximo curso escolar 2022/2023, bolsas nas que nos últimos 6 anos excluíuse aos alumnos cambreses matriculados en centros concertados, desde o Grupo Municipal Popular se interesa, como vimos solicitando reiteradamente estes últimos anos, a desaparición nas ditas bases do mencionado requisito excluínte e discriminatorio para os alumnos dos colexios concertados, xa que a educación concertada é educación pública, sostida con fondos públicos.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, di que aínda se están tramitando, que cando remate o proceso, realizarán un estudo para analizar a relación de admitidos e excluídos e motivos da exclusión, para resolver todas estas cuestións, polo que non recolle o rogo pois quere dispoñer previamente desta información.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que xa se lles remitira un cadro resumo e que hai un alumno ao que se lle denegou a axuda por estar nun centro concertado. Engade que non se chega a gastar toda a partida e que, tratándose dun alumno que cumpre cos criterios económicos, exclúese por motivos ideolóxicos, polo que solicitan a eliminación deste criterio, xa que é inconstitucional por ir en contra da igualdade e por ser discriminatorio.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto di que se fará o estudo e que se modificará o que se considere necesario, e reitera que non recolle o rogo.

4º Tralas inundacións sufridas, entre outros lugares do noso municipio, no Paseo Marítimo do Temple, estivéronse levando a cabo os últimos meses unha serie de obras correctoras coa finalidade de evitar novas inundacións.

Non obstante, veciños do lugar infórmanos do transcurso de varias semanas entre a terminación das ditas obras e a retirada do material e as máquinas utilizadas para a realización das ditas obras que, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, atopábanse apiadas nas inmediacións. Material e maquinaria que, entenden, deberían ser retirados en canto finalicen estas. Problema que non é a primeira vez que ocorre, tamén na parroquia do Temple, e que este grupo municipal tamén puxo en coñecemento do equipo de goberno.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para que, unha vez terminadas as obras, se retire o material e maquinaria utilizado nelas á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que non é este o caso, que hai unha obra prevista para cambiar o pavimento e nivelalo e que se sabía que non daba tempo de executala antes do parón das empresas de construción durante o Nadal pero que, como os veciños reclamaban a entrada ao garaxe, adiantouse esta actuación e logo tivo que paralizarse a obra sen estar rematada; di que, aínda así, recolle o rogo porque está de acordo coa exposición xeneral, pero que neste caso está xustificado.

5º Non é a primeira vez que os veciños e veciñas da gardería pública situada na parroquia do Temple nos comunican a situación de insalubridade do terreo situado fronte á entrada do dito centro escolar.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, as matogueiras e malas herbas volveron crecer no dito terreo o que, xunto coas choivas dos últimos días e o movemento de coches depositados a modo de aparcadoiro improvisado, amosa un estado nada desexable a un centro escolar e ao centro de saúde do Temple.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, admite o rogo e di que se trata dunha parcela privada que fai un bo uso público e que o vindeiro luns a limparán.

6º Entre as competencias propias dos municipios recollidas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, atópase a de limpeza viaria, na que se inclúen as rotondas existentes nas nosas rúas e camiños.

Entre elas, a existente ao final da rúa María Mariño, fronte á entrada da gardería pública do Temple que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, presenta un aspecto de abandono.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese do concelleiro competente que se adopten as medidas necesarias para a adecuada conservación e limpeza das rotondas existentes nas nosas vías públicas, entre elas a de máis arriba referida no Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que se deu aviso ao ver o rogo e que xa está limpa.

Rogos de AV presentados por escrito

1º Unha vez máis, temos noticia dun novo atropelo en Cambre. Alternativa segue pendente dun estudo de seguridade viaria que a concelleira de Seguridade Cidadá se comprometeu a facer e compartir con todos os membros da oposición.

Rogamos se facilite o dito documento como se comprometeu no seu día.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que se está completando o informe cos datos do último atropelo e que para a semana estará listo.

2º O pasado 16 de marzo de 2020, nunha sesión extraordinaria aprobouse a modificación do acordo adoptado no mes de xaneiro de 2020 para solicitar ao IDAE unha subvención para renovar a iluminación pública en varios puntos do municipio. Máis dun ano despois seguimos sen ver movementos nesta renovación, motivo polo que rogamos se fagan estas actuacións dunha vez.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que, efectivamente, durante este tempo contratouse a redacción de proxectos, redactáronse e, posteriormente, adxudicáronse as obras neles previstas, todo iso dentro do prazo establecido, que era ata o pasado 3 de decembro de 2021 para presentar os contratos formalizados das obras adxudicadas.

Engade que agora dispónse dun prazo de 7 meses para executar todo, pero que as empresas adxudicatarias din que en 5 meses poden rematar; xa se verá, conclúe.

Rogo oral presentado por AV

Don Raúl Varela Fraguío pide que se sinalicen debidamente os danos da praza Dr. Enrique Piñeiro.

Rogo de C's presentado por escrito

Único. Dona María José García Hidalgo, de C's, manifesta que modifica o rogo relativo á vexetación do aparcamento de bicicletas da Barcala, tendo en conta que xa se atendeu e a zona está limpa, e pregunta polo procedemento que segue a empresa que presta este servizo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que a empresa ESMO, adxudicataria, presta este servizo coa colaboración e reforzo das brigadas do RISGA.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª a 3ª Á vista das xeneralizadas queixas veciñais sobre a deficiente iluminación de Nadal que amosaron as nosas rúas e lugares públicos este último Nadal e as explicacións ofrecidas sobre o particular pola concelleira competente a preguntas deste Grupo Municipal Popular, pregúntase a esta:

- Intervención que a empresa referida nas pasadas comisións informativas como “Ximénez” tivo na subministración, colocación, mantemento, conservación e retirada da dita iluminación de Nadal.

- Motivos que levaron ao noso concello a contratar coa dita empresa a iluminación de Nadal
- Cantidade que se pretende aboar á dita empresa trala deficiente prestación do servizo/subministración e posibilidade de que o noso concello lle esixa o pago dunha indemnización pola deficiente prestación do dito servizo/subministración.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que o concello non contrata á empresa Ximénez, que é unha das poucas empresas provedoras de luces de Nadal, pero que o concello non ten ningunha relación con este empresa, que o concello ten contratado esta subministración con Instelec, dentro dun contrato que abarca máis prestacións, polo que a Ximénez non se lle aboa nada. Engade que o problema será con Instelec, non con Ximénez.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, contéstalle que, segundo se deriva da acta levantada para o efecto con data de 23 de decembro de 2021, vostede dixo que *“é certo e que cando chegou xa reclamaron. Engade que se destinaron 20.000 € pero que non se vai pagar todo”*.

Neste punto intervén o señor alcalde e di que dentro do contrato con Instelec inclúese a iluminación de Nadal e que xa lle manifestaron que a iluminación instalada non se corresponde co que solicitaron, que pediron un informe a Instelec e que logo emitirá informe o técnico responsable.

Don Juan María Abalo Castex pregunta polos 20.000 euros dos que falou a concelleira.

O señor alcalde contéstalle que dentro do contrato con Instelec hai unha partida de 20.000 euros para iluminación de Nadal pero que agora haberá que ver o que se aboa. Conclúe dicindo que se lles pasarán os informes cando dispoñan deles.

Dona Elisa Pestonit Barreiros engade que Instelec sempre contratou cunha empresa de aquí, pero este ano a dita empresa non lles subministrou o que pediron e tiveron que recorrer a Ximénez, que tampouco lles subministrou debidamente.

4ª Tralas inundación sufridas entre outros lugares do noso municipio, no Paseo Marítimo do Temple, estivéronse levando a cabo os últimos meses no dito lugar unha serie de obras correctoras coa finalidade de evitar as novas inundacións que, tal e como parece desprenderse das fotografías que se achegan, xa se atopan finalizadas.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que, polo concelleiro competente se informe sobre as obras levadas a cabo no Paseo Marítimo do Temple para evitar novas inundacións como as sufridas hai uns meses.

Contestará por escrito dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que non existen esaxeradas inundacións e que o que se fixo neste caso foi ampliar a canaleta.

5ª Trala contestación escrita remitida polo concelleiro delegado de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade á pregunta formulada polo Grupo Municipal Popular no último pleno ordinario respecto do resultado da última convocatoria das bolsas de estudo e á vista do reflectido nela, desde o Grupo

Municipal Popular pregúntase sobre o número de solicitudes que foron denegadas (desestimadas ou inadmitidas) en cada un dos seis últimos anos, por estar matriculado o alumno en centros de educación concertados.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, di que se lle trasladarán estes datos cando se dispoña deles.

6ª Á vista do comezo das operacións de rexeneración e dragado da ría do Burgo polo Ministerio de Fomento, desde o Grupo Municipal Popular interésase que pola concelleira delegada en materia de Medio Ambiente e Mobilidade se informe sobre a intervención/colaboración que desde o noso concello se vai prestar a ditos labores.

O señor alcalde di que de momento no consta nada, nin solicitado nin por escrito.

Preguntas de AV presentadas por escrito

1ª En que situación se atopa a rotonda proposta á Deputación na contorna da Casa da Cultura?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que a Deputación da Coruña comprometeuse a realizar a dita obra e que na última reunión que mantiveron instoulles a un convenio entre as tres administracións (Xunta, Deputación e Concello) e que niso están.

O señor alcalde engade que o presidente da Deputación díxolles que están dispostos a colaborar.

2ª Cal é o estado da anunciada rotonda en Frais?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, di que a Deputación comunicoulles que entre hoxe e mañá levarase a cabo o replanteo das liñas eléctricas.

3ª Hai uns días era noticia que un concello como Cambre plantara unhas 200 árbores cun valor estimado de contrato de 25.000 euros. Cal é a desagregación dese contrato (partidas, localización, etc.)?

Contestará por escrito dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/182, o día 17 de xaneiro de 2021, xunto co rogo presentado para esta comisión.

1ª En relación co expediente de contratación do PXOM, cantas suspensións de prazos se produciron e cal é a xustificación da cada unha das suspensións?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se produciu unha suspensión a causa da falta de cartografía e outra a causa da COVID-19.

2ª Levantouse o documento sen estar lista a cartografía?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que sen cartografía non hai plan e que esta foi suficiente polo que a resposta sería que non.

3ª Está terminada a cartografía a día de hoxe?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que si, se ben o expediente de contratación aínda non finalizou.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogo de C's presentado por escrito

Único. En relación coa subvención outorgada á Asociación Cambre Empresarial correspondente ao 2019, expediente nº 2019/A003/000360.

Con data 29 de xullo de 2020, o alcalde en funcións asina un escrito onde se lle require ao solicitante da subvención emendar a documentación presentada. Para facelo infórmase de que dispón dun prazo de 10 días a contar desde a recepción do escrito sendo advertido de que de non achegar a documentación requirida no dito prazo entenderase que desiste da subvención logo de resolución.

Con data 5 de agosto de 2020 achéganse as primeiras facturas vía rexistro polo novo presidente da asociación, con certificado de representación da entidade.

Con data 16 de agosto de 2020 o solicitante rexistra no concello a renuncia á dita subvención concedida “por non cumprir os requisitos mínimos de gasto necesario para a dita subvención” segundo informan por carta.

Con data 31 de agosto de 2020, despois de vencidos os prazos (07/08/2020) e despois de ter rexistrado a renuncia á subvención, presenta de novo unha das facturas, esta vez rectificadas no apartado de “concepto” e que tiñan sido requiridas no escrito do 23 de xullo de 2020.

Con data 7 de setembro de 2020, novamente despois de vencidos os prazos, presentan toda a documentación requirida o 23 de xullo e que faltaba por presentar, a excepción da factura mencionada no parágrafo anterior.

Entre a dita documentación atópase a foto real do stand en Femaga en decembro de 2019, e outra foto, a do cartel con publicidade do concello (requisito necesario segundo as bases unha vez concedida a subvención) foto de cartel que non se corresponde co stand en 2019, como se pode comprobar en fotos reais do evento publicadas en Facebook tanto pola propia asociación como por visitantes que se fotografaron durante a visita, testemuñas varias de que o cartel non publicaba a colaboración do concello. Tampouco a publicidade do concello aparece en actos posteriores durante o ano 2020 onde tamén existen fotos e publicacións de fácil comprobación.

Con data 17 de novembro de 2020, o presidente da asociación subvencionada e representante para os efectos dos documentos presentados, achega o xustificante da transferencia do pago dunha das facturas, a de maior importe 3.591,90 polo stand na feira de autónomos 2019, FEMAGA, á empresa SHARK EVENTS LEADER, S.L., figurando como un dos asinantes que autorizaron e ordenaron a transferencia.

Con data do 4 de xaneiro de 2022 compróbase no Rexistro Mercantil Central que:

a) o administrador e socio único da empresa que recibe a transferencia é a mesma persoa que preside e representa á asociación subvencionada, e é a mesma que ordena e autoriza a transferencia da asociación á empresa que facturou o servizo, da cal é administrador e socio único desde o 12 de decembro de 2019 e apoderado desde o 9 de maio de 2019.

b) é a mesma persoa que preside, representa, solicita a subvención e achega a documentación e facturas (emitidas pola súa empresa) en nome da asociación e se “autopaga” coa subvención concedida.

A factura en cuestión describe o stand en Femaga, Feira de autónomos de Galicia en ExpoCoruña, con montaxe, moqueta e luz do 5 ao 8 de decembro cun importe sen IVE de 3.265,36.

Na web de Feaga, Federación de autónomos de Galicia publicítase a feira de 2019. Nas follas de reserva de 2019 que se facilitan aparecen os prezos: Stand modular de 12 m² prezo = 875 euros, stand esquina 1.150 euros + 10% de IVE. Do 5 ao 8 de decembro de 2019.

Pois ben:

Achégase folia de reserva, onde non aparece ningunha indicación de que o prezo sexa por día (só así se entendería o importe facturado) polo que se entende que é o prezo total dos días entre o 5 e o 8 de decembro como poden constatar outros expositores. Ambos prezos inclúen moqueta e modular, rotulación e iluminación.

As fotografías indican que o stand de Cambre Empresarial en 2019 non era superior a 12 m² nin estaba situado na esquina.

Estes datos parecen indicar que o prezo da factura é notablemente superior ao que a empresa ofrecía en 2019.

Por todo iso, rogamos que se revise o expediente desta subvención e compróbase se se produciu algunha anomalía ou irregularidade na súa tramitación e concesión dentro da normativa legal establecida e se nos informe por escrito cal foi a conclusión unha vez revisado o expediente.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, di que acepta o rogo respecto de que se revise o expediente.

Rogo oral presentado por AV

Dona María José García Hidalgo, de C's, solicita modificar o rogo respecto da subvención outorgada a Cambre Empresarial correspondente ao 2019, expediente 2019/E003/000360, tendo en conta de que lle foi contestada unha vez presentado o presente rogo.

A continuación, presenta o seguinte rogo oral:

Respecto dese mesmo expediente, solicita que, ao abeiro do artigo 3.5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (*“O órgano interventor exercerá o control sobre entidades colaboradoras e beneficiarios de subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o sector público local, que se atopen financiadas con cargo aos seus orzamentos xerais, de acordo ao establecido na Lei xeral de subvencións”*), se informe polo interventor municipal respecto do control interno.

Don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, di que o control interno xa está feito, que procede o control financeiro que sempre se leva a cabo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1ª Trala reunión de todos os voceiros, o pasado mes de decembro, ao finalizar a xunta de voceiros, cunha veciña asidua usuaria dos Servizos Sociais municipais, cuxos problemas e reclamacións criamos resoltos antes do pasado verán, tras o manifestado pola concelleira competente na materia, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase a esta:

Actuacións levadas desde a súa concellería no último semestre sobre o particular.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que, de acordo coa Lei orgánica de protección de datos, non pode facilitar eses datos dado que tanto os rogos como as preguntas se publican na páxina web municipal.

2ª Situación a día de hoxe dos problemas postos de manifesto aos voceiros municipais pola dita veciña.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que dende o departamento de Servizos Sociais non ven problema, á vista do correo electrónico recibido con data do 10 de decembro de 2021 do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión social, Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, no que se indica que *“non constitúe un dereito da persoa usuaria nin da súa familia elixir o horario e o persoal que lle presta o servizo, se ben cómpre tentar, na medida do posible, adaptar os ditos horarios á dinámica e necesidades familiares e minimizar, dentro do posible, a rotación de persoal no domicilio”*.

3ª e 4ª Propostas ofrecidas desde os nosos Servizos Sociais para resolver os problemas advertidos.

Posibilidades e intención da súa concellería de resolver definitivamente o asunto.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que intentan propoñer actuacións que se adapten aos seus intereses, para o que levan a cabo multitude de chamadas e reunións coa interesada. Continúa a dicir que a praxes está ben realizada, que actúan segundo indica o servizo autonómico de dependencia, coas posibilidades que ofrece a Xunta, pois é beneficiaria do servizo de axuda no fogar por dependencia, e que tamén hai que ter en conta que posibilidades ofrece a Xunta.

5ª Publicadas no BOP do 17 de xaneiro de 2022 as bases reguladoras da programación cultural da Deputación da Coruña e a convocatoria para 2022 nos seus catro programas, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira delegada de Cultura sobre as previsións do seu departamento ao respecto.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, di que están preparando as solicitudes e que pedirán o número de espectáculos que se permitan nas catro disciplinas: teatro, música, fomento de lingua galega e grupos afeccionados.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/188, o día 17 de xaneiro de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Hai un par de semanas saíu publicado nos medios municipais o peche temporal da Casa da Xuventude da Arrigada. Cales son os motivos que levan a este peche?

Contestará a pregunta por escrito don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude.

2ª Hai uns meses aprobouse en sesión plenaria un incremento de 250.000 euros aproximadamente, para actividades socioculturais. Xa que no seu momento contestou o de “pois iso actividades culturais”, e transcorridos varios meses: Cal é o detalle en que consistía a dita partida orzamentaria?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que son 135.000 euros, 10.000 euros a bibliotecas e 125.000 a actividades culturais e pregunta se precisa todo o detalle, ao que dona Sandra Sánchez Vieites contesta que si.

Dona Mónica Varela Germade di que esa cantidade destinouse a adaptar as actividades á normativa COVID-19 pois en todas elas foi necesario un sobreesforzo (valos, etc...).

O señor alcalde conclúe dicindo que se lle pasará todo por escrito indicando canto e en que se gastou.